



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello

Día: 16 de abril de 2015

Hora de comezo: 13.30 h

Hora de remate: 14.05 h

ASISTENTES:

Don Jesús Sanjúas Mera

Don Manuel Mouriño Varela

Don Jesús J. Santasmarinas Devesa

Dona Raquel García Fraga

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Jesús Sanjúas Mera, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria – interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Alta no servizo de axuda no fogar, por libre concorrencia**
- 3. Altas nos servizos de abastecemento e saneamento municipais**
- 4. Solicitude subvención á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para actuacións en materia de arquivos**
- 5. Adxudicación do contrato do servizo de dependencia**
- 6. Inicio da contratación da obra Reparación camiño “Cruce de Boqueixón – Maravexás e outros”(PAI 2015)**
- 7. Aprobación de facturas**
- 8. Xustificación da subvención dirixida a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social, perceptoras de RISGA**
- 9. Convenio de colaboración entre os concellos de Vedra, Vila de Cruces e Boqueixón para a promoción de actividades de xuventude**
- 10. Modificación do convenio de colaboración entre os concellos de Vedra e Boqueixón en materia de xuventude e voluntariado**

11. Solicitude de participación na rede cultural 2015, da Deputación Provincial da Coruña

12. Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 9 de abril de 2015

2.Altas no servizo de axuda no fogar, por libre concorrência

Acordo de alta no servizo de axuda no fogar, por libre concorrência.

3.Altas nos servizos de abastecemento e saneamento municipais

A) Alta en abastecemento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o regulamento do servizo municipal de abastecemento, inclúese como beneficiario do servizo á persoa que se relaciona a continuación.

NOME E APELIDOS	DNI/CIF	ENDEREZO INMOBLE	TAXA
Johnatan xxxxx	xxxxxx	xxxxxx	54,86 €

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

1º-Dar de alta no servizo de abastecemento á persoa que se detalla na relación anterior, establecendo a taxa correspondente que se rexerá pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

A alta concedida é para vivenda.

Dito beneficiario aboou a taxa no número de conta xxxxx-(ABANCA). Achega xustificante da transferencia realizada.

2º-Notificar este acordo ó beneficiario citado anteriormente .

B) Altas en saneamento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de sumidoiros, segundo o regulamento do servizo municipal de saneamento, inclúense como beneficiarios de dito servizo ós usuarios que se relacionan a continuación:

NOME E APELIDOS	DNI/CIF	ENDEREZO INMOBLE	TAXA
Francisco xxxxx	xxxxxx	xxxxxx	54,86-€
José xxxxx	xxxxxx	xxxxxx	54,86-€
Pablo xxxxx	xxxxxx	xxxxxx	54,86-€
Esther xxxxx	xxxxxx	xxxxxx	54,86-€

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

1- Dar de alta no servizo de saneamento ás persoas que se detallan na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes que se rexerán pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento.

As altas concedidas son para vivendas.

Todos os beneficiarios aboaron as taxas no número de conta xxxxx-(ABANCA). Achegan xustificante das transferencias realizadas.

2- Notificar este acordo a cada un dos beneficiarios citados anteriormente .

4.Solicitud de subvención á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para actuacións en materia de arquivos

No DOG número 55 do día 23 de marzo de 2015, publícase a Orde do 6 de marzo de 2015 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015.

Esta orde ten por obxecto a mellora dos arquivos de Galicia garantindo unha custodia responsable e o acceso dos cidadáns aos documentos. As axudas concederanse en réxime de concorrencia competitiva, e a súa finalidade serán as actividades que teñan por obxecto ben a organización de fondos documentais, ou ben a mellora dos locais de arquivo.

A axuda máxima por beneficiario será de 6.000 € que, en ningún caso, poderá exceder o 80% do investimento total aprobado, rematando o prazo de xustificación subvencionada o **31 de outubro de 2015**.

O proxecto solicitado denomínase **“Proxecto de organización e dixitalización dos Libros de Actas do Pleno”** eliximos as actas por constituír o instrumento público máis solemne dun concello que actúa como eixe vertebrador da historia local, xa que nelas consta de xeito fidedigno os asuntos tratados e os acordos adoptados; aportando, en definitiva, valiosa información sobre a estrutura orgánica interna e a praxe político-administrativa desenrolada polos concellos, no exercicio das súas competencias ao longo da Historia e a súa posta en valor.

Dado que o prazo de solicitude remata o 23 de abril de 2015, a Xunta de Goberno acorda:

1. Solicitar unha axuda por importe total de 5.580.27 € (80% do orzamento total do proxecto).
2. Dispoñer dos fondos necesarios para facer fronte a achega municipal.
3. Aprobar a memoria explicativa do investimento que se vai realizar, na cal se indica o investimento de forma detallada, persoas beneficiarias, orzamentos desglosados e calendarios fixados
4. Acreditar como representante legal ó alcalde do concello de Boqueixón, don Jesús Sanjuás Mera.
- 5.Comunicar este acordo á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

5.Adxudicación do contrato do servizo de dependencia

Na Xunta de Goberno do día 8 de xaneiro de 2015, aprobáronse os pregos que rexen a contratación para a adxudicación do servizo do programa de prevención da dependencia. Nesa mesma sesión acordouse invitar ó concurso as seguintes empresas:

Matilde Calvo Suárez
Vagalume Xestión Integral de Servizos, SL
Centro de Orientación de Estudos Comerciais,SL

Ó mesmo tempo publicouse a información no perfil do contratista da páxina web do concello.

No prazo establecido para o efecto (10 días naturais), preséntanse as seguintes ofertas:

Data e Rexistro	Empresa
26/2/2014 --- 15/346	Vagalume Xestión Integral de Servizos, SL
26/2/2014 --- 15/347	Matilde Calvo Suárez

Por parte do Servizo de Contratación é revisada a documentación dos sobres A, que está correcta.

Na Xunta de Goberno do día 5 de marzo, o órgano de contratación abre os sobres de referencias técnicas e trasládalle esta documentación ó Departamento de Servizos Sociais, para que elabore o correspondente informe de valoración.

Con data 10 de marzo, a Traballadora Social elabora o correspondente informe que a continuación se transcribe literalmente:

Ana Anta Fernández, traballadora social dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Boqueixón, con relación ao procedemento de adxudicación do Programa de Prevención de Dependencia, cuxa responsable é a Educadora Familiar do servizo,

“**INFORMA:**

*Que logo de analizar a documentación que conforma o Sobre B: “Referencias técnicas” das empresas invitadas, constátase que a empresa **Matilde Calvo Suárez** é a que oferta unha programación máis completa, contemplando multiplicidade de aspectos que é necesario considerar ao traballar cun grupo como o que é obxecto deste programa. Malia que se trata dunha actividade grupal contempla a análise de cada unha das actividades coa finalidade de desenvolve-la tendo en conta a situación de cada persoa usuaria. Concibe o programa desde unha perspectiva integral que, ademais de procurar o mantemento da autonomía das persoas participantes, busca no desenvolvemento das actividades unha forma de previr o illamento e fomentar a socialización. A memoria da dita empresa recolle de forma pormenorizada a metodoloxía e planificación do servizo, contemplando aspectos fundamentais como son:*

- *A acollida das persoas usuarias.*
- *A relación do persoal técnico coa persoa usuaria e a súa familia, baixo un código ético e profesional ben determinado.*

- O seguimento e coordinación co persoal dos Servizos Sociais do Concello.

Así mesmo, propón como melloras o asesoramento en axudas técnicas que repercuten na calidade de vida das persoas participantes no domicilio, así como a organización de xornadas convivenciais.

Con relación ao persoal ofertan unha terapeuta ocupacional e, se fose preciso, outros perfís profesionais para o desenvolvemento dalgunha das actividades.

Por último, presenta unha relación de material que desglosa segundo a súa utilidade en cada unha das actividades que se propón realizar.

Con respecto á outra empresa, **Vagalume Xestión Integral de Servizos**, presenta unha memoria simple, que se limita a facer constar os aspectos básicos do desenvolvemento do programa que constan no prego de contratación, sen especificar aspectos fundamentais no tocante á planificación e xestión do servizo. Non presentan a relación de medios materiais da que se servirían para pór en marcha o programa”.

Por todo o anteriormente exposto a puntuación das dúas empresas presentadas quedaría como se expón a continuación:

Empresa	Memoria da actividade	Medios materiais	Puntuación total
Matilde Calvo Suárez	15	10	25
Vagalume Xestión Integral de Servizos	5	0	5

Na Xunta de Goberno realizada o día 19 de marzo, ábrese os sobres C – Oferta económica, onde se obteñen os datos que a continuación se transcriben e clasifícanse as ofertas presentadas:

Empresa	Prezo
Matilde Calvo Suárez	19,95 €/h – IVE exento
Vagalume Xestión Integral de Servizos	20.02€/h – IVE incluído

A vista destes datos, ten que excluírse do procedemento de contratación á empresa Vagalume, posto que presenta unha oferta que supera o presuposto máximo de licitación especificado na cláusula 3 do prego, que é de 20€/hora, incluíndo todo tipo de honorarios de profesionais, seguros, impostos de outros gastos de xestión.

Polo tanto, o resultado da clasificación das empresas é o seguinte:

Empresa	Memoria da actividade	Medios materiais	Oferta económica	Total puntuación
Matilde Calvo Suárez	15	10	25	50

O día 24 de marzo de 2015, envíase o requirimento á empresa clasificada para que presente a correspondente documentación co obxecto de adxudicar o contrato.

A empresa Matilde Calvo Suárez entrega a documentación solicitada o día 10 de abril, e tense que adxudicar o contrato no prazo de 5 días hábiles seguintes a que se reciba a documentación, polo que a Xunta de Goberno acorda:

- Adxudicar o contrato de prevención da dependencia a Matilde Calvo Suárez polo importe de 19.95 €/hora (IVE exento). A duración será dun ano prorrogable anualmente ata un máximo de 4 anos.
- Excluir do procedemento de adxudicación a oferta presentada pola empresa Vagalume Xestión Integral de Servizos, ó ofertar un prezo que supera o presuposto máximo de licitación especificado na cláusula 3 do prego (20 €/hora)
- Comunicar á empresa adxudicataria que o contrato se formalizará no prazo de 15 días hábiles desde que reciba a notificación.
- Notificar este acordo ós licitadores

6.Inicio da contratación da obra Reparación camiño “Cruce de Boqueixón – Maravexás e outros”(PAI 2015)

No Pleno ordinario realizado o día 14 de xaneiro de 2015 aprobouse o proxecto da obra denominada “Reparación camiño de cruce Boqueixón por Maravexas – Santaia – Casaldesuso (Codeso)” por un importe de 122.331,54 euros.

O día 14 de abril, a Deputación Provincial comunica por via telemática a circular sobre o PAI 2015, na que se mostra toda a información relativa á contratación e xustificación da obra e do importe que se financia, que neste caso coincide co total do presuposto da obra.

Todos os trámites que se teñan que levar a cabo para a xestión deste plan, realizaranse de xeito telemático. En canto á adxudicación da obra, as bases reguladoras din que os concellos poderán adxudicar as obras ata o día 1 de outubro, e que deberán estar rematadas o 1 de outubro de 2016.

No expediente atópase o correspondente informe xurídico.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

1 Iniciar os trámites necesarios para a contratación das obras polo procedemento negociado sin publicidade. Os pregos que rexerán esta contratación son os publicados na páxina web da Deputación que foron modificados cos anexos que figuran na propia páxina e co Anexo VI que foi elaborado por este concello e se expoñerá no perfil do contratista.

2 Aprobar o cadro de características da obra, así como os criterios de valoración que rexerán a contratación:

0. REGULACION HARMONIZADA	Contrato non suxeito a regulación harmonizada	
1. PROXECTO	Reparación camiño de cruce Boqueixón por Maravexas – Santaia – Casaldesuso (Codeso)	
1.bis. CODIFICACIÓN	A. Clasificación Nacional de produtos por Actividades (CNPA-2009)	

	B. Vocabulario común de contratos	
2. PRESUPOSTO	A) Obras anuais	122.331,54 Euros (IVE INCLUÍDO)
3. APLICACIÓN ORZAMENTARIA	153.600.02 do orzamento do ano 2015	
4. PRAZO DE EXECUCIÓN	FIXADO NO PROXECTO: 6 meses REDUCCIÓN DE PRAZO COMO CRITERIO DE VALORACIÓN: non aplicable	
5. CLASIFICACIÓN		
6. FORMA E MEDIO DE CONSULTA E LUGAR DE PRESENTACIÓN	SEN PUBLICIDADE OBRIGATORIA: - Consulta a tres empresas - Perfil de contratante B. LUGAR DE PRESENTACIÓN: No rexistro municipal de 9 a 14 horas de luns a venres	
7. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN	SEN PUBLICIDADE OBRIGATORIA: oito días contados desde o día seguinte ao da recepción da petición de oferta	
8. PERFIL DE CONTRATANTE	8.1 Dirección páxina web: <u>www.boqueixon.com</u> 8.2 Publicación de adxudicación (indicar a opción elixida): en perfil de contratante	
9. GARANTÍA DEFINITIVA	5% do importe do proxecto	
10. TAXAS DO CONTRATO	Non hai	
11. REVISIÓN DE PREZOS	Non hai	
12. CONTROL DE CALIDADE		
13. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN POR CONTA DO CONTRATISTA		

OUTROS DATOS:

INFORMACIÓN

PERFIL DE CONTRATANTE www.boqueixon.com

TELÉFONO: 981. 513 061

LUGAR ONDE SE PODEN OBTENIR COPIAS DO PROXECTO E PREGO: **Servizo de Contratación**

ANEXO II: MODELO DE PROPOSICIÓN

D./D^a _____
con domicilio en _____.
rúa _____
nº _____
teléfono _____
Fax (optativo) _____
dirección de correo electrónico (optativo) _____
con DNI (ou pasaporte ou documento que o substitúa) nº _____
actuando en nome propio (ou en representación de _____.

DNI ou CIF Nº _____
e con domicilio en _____.
rúa _____
nº _____
teléfono _____
Fax (optativo) _____
dirección de correo electrónico (optativo) _____

Toma parte no procedemento negociado para a adxudicación da execución das obras comprendidas no proxecto de _____

e para cuxos efectos fai constar que:

1º.- Ofrece o seguinte prezo:

- A) Prezo sen IVE..... euros) .
B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) % importe euros
C) TOTAL (A+ B)EUROS

2º.- Coñece e acepta cantas obrigacións se deriven dos Pregos de cláusulas administrativas particulares do presente contrato, así como do proxecto e documentación técnica que o integra.

3º.- Acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas administrativas particulares.

4º.- Fai constar que na presente licitación (*indíquese o que proceda*):

- ___ Non concorre con empresas vinculadas.
- ___ Concorre coa/s seguinte/s empresa/s:
Denominación
CIF

_____ de _____ de 201_

O LICITADOR (asinado e rubricado)

ANEXO III: MODELO DE SOBRE

MODELO DE SOBRE

- (1) A. DOCUMENTACIÓN
B. REFERENCIAS TÉCNICAS
C. OFERTA ECONÓMICA

Proposición para tomar parte na contratación das obras de (2) _____ presentada
por ..
Teléfono _____
Fax _____

_____ de _____ de 201_

(1) Indicar sobre A, B, C ou D segundo a documentación que comprenda, conforme ao disposto na cláusula 12.

(2) Indicar o título do contrato.

ANEXO IV: CRITERIOS DE VALORACIÓN

DETERMINACIÓN DE CRITERIOS FASE 1

FASE 1

A) CRITERIOS CON CARÁCTER XERAL

- a) **Programa de traballo** (cláusula 12.2.1.A.1): **17 puntos**
- b) **Programa de actuación ambiental** (cláusula 12.2.1.A.2): **8 puntos**
- b) **Plan de control de calidade** (cláusula 12.2.1.B) **13 puntos** conforme ao seguinte detalle
(Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

PLAN DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE (cláusula 12.2.1.B.1)	Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade específico e adaptado á obra	De 1.51 a 3 puntos
	Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade xenérico e parcialmente adaptado á obra	De 0.51 a 1.50 puntos
	Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade insuficiente	De 0 a 0.50 puntos
PORCENTAXE DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE (cláusula 12.2.1.B.2)	Outorgarase a máxima puntuación á/s proposicións que oferten a maior porcentaxe e as restantes proposicións puntuaranse proporcionalmente	Ata 1 punto
PORCENTAXE DE CONTROL EXTERNO DE CALIDADE (cláusula 12.2.1.B.3)	Aumento da porcentaxe de control de calidade externo calculado sobre o orzamento de execución material, sen ter en conta o 1% a que se refiren as cláusulas 12 e 29	Calcularase aplicando a seguinte fórmula: $3 \times$ % incremento de execución material (expresado en dous decimais) (Máximo 9 puntos)

- c) **Esquema do Plan de seguridade e saúde** (cláusula 12.2.1.C): **12 puntos**

B) CRITERIOS CON CARÁCTER ESPECÍFICO

Non se valora a redución de prazos

FASE II

- a) **Oferta económica**: **50 puntos**.

De acordo coa fórmula elaborada pola Facultade de Matemáticas

3 Solicitar ofertas ás seguintes empresas:

Obras y Viales de Galicia, SL

Parque Empresarial de Sigüeiro – Parcela 56 A
15688 Oroso

Alcomte Galicia, SL

Lugar de Santa María de Grixoa – Ponte, 12
15898 Santiago de Compostela

Atlántica de Construcción y Medioambiente,SL

Rúa dos Agriños, 2. Locales 15 y 16
15895 Milladoiro – Ames

7.Aprobación de facturas

Por unanimidade acórdase aprobar as seguintes relacións de facturas que suman un total de 29.839,07 euros e que a continuación se relacionan e desagregan nos seguintes listados:

Aprobar as seguintes facturas domiciliadas:

	NOME	TEXTO EXPLICATIVO	PROGR.	ECON.	IMPORTE
1	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, S.A.	CONSUMO TELÉFONOS MÓBILES 18/02-17/03	920	22200	408,51 €
TOTAL					408,51 €

Aprobación de facturas pendiente de pago:

	NOME	TEXTO EXPLICATIVO	PROGR.	ECON.	IMPORTE
1	ANTONIO PENA, S.L.	PASE DE AUGA NA BEIRARRÚA PARA COLOCAR POSTE	1532	21200	48,40 €
2	ASOC.CULT. E XUVENIL PENA DO CORVO	ACTUACIÓN SAN VICENTE	334	22609	350,00 €
3	AUTOELECTRICO SERGUDE, S.C.	COMPROBAR E RECOLLER CABESTRANTE 8745GZZ	135	21300	26,08 €
4	AUTOELECTRICO SERGUDE, S.C.	REPARACIÓN LUCES CAMIÓN LIXO	1621	21300	75,31 €
5	BOTANA GRANJA, MANUEL	DISCOS REBARBADORA E PINZA PORTA-ELECTRODOS	135	21300	47,06 €
6	CAEIRO VILAR, ANSELMO	LIQUIDACIÓN DE GASTOS	920	23120	82,05 €
7	CASA CASTRO DE LAMAS, S.C.	SAL PISTAS MUNICIPAIS	1532	22199	48,00 €
8	CIDE HCENERGIA, S.A.	CONSUMO ELÉCTRICO LOCAL SOCIAL CODESO 30/12-27/02	165	22100	201,40 €
9	COMERCIAL SÁNCHEZ Y TORRES SC	REPARACIÓN TRACTOR CORTACESPEDE, CORREA, BUXIAS,...	171	21300	212,67 €
10	COMPOSTELANA DE GAS 2011, S.L.	RECARGA GAS PAVILLÓN E CAMPO DE FÚTBOL FORTE	342	22102	260,75 €
11	CORRAL SANCHEZ, JUAN M.	LIQUIDACIÓN DE GASTOS	920	23120	54,50 €
12	DAVID FERNANDEZ NEIRA	CLASES JUDO FEBREIRO E MARZO	341	22609	360,58 €
13	EXCAVACIONES SOUTULLO, S.L.	TRABALLOS VARIOS EN PISTAS MUNICIPAIS	1532	21200	924,00 €
14	FOGA	ALUGUER FOTOCOPIADORAS MARZO - ABRIL	920	21300	800,56 €
15	GALICIA G. AUDIV., SLU - SANTIAGO TV	GRABACIÓN DE PROGR. - ENTREVISTA E PROMOCIÓN TURÍSTICA	432	22602	1.028,50 €
16	GASOLEOS SAN BENITO, S.L.	GASOLINA MAQUINARIA	171	22103	187,05 €
17	GERMAN MALLO, S.L.	CARCASA E MONTAXE CAMIÓN LIXO	1621	21300	53,24 €
18	JAIME GOMEZ SOUTO Y OTRO, S.C.	PORTA DE DUAS FOLLAS BAIXO CASA DA CULTURA	920	21200	1.969,88 €
19	LUIS RAVIÑA S.C.	REPRACIÓNS PORTAS COLEXIO	320	21200	314,60 €
20	SAROLTA ZALAN	LIQUIDACIÓN DE GASTOS	920	23120	30,20 €
21	SERV. Y MATERIALES, S.A. - SERMASA	SAD (PRESTACION BASICA) MES DE MARZO	231	22799	1.394,62 €
22	SERV. Y MATERIALES, S.A. - SERMASA	SAD (USUARIOS DE DEPENDENCIA) MES DE MARZO	231	22799	17.510,18 €
23	SERVICRES DE MANTENIMIENTO, S.C.	HERBICIDA E DETERXENTE	171	21000	292,22 €
24	SUPERVISION Y CONTROL, S.A.	ITV CAMIÓN DO LIXO	1621	21300	58,91 €
25	ULLA OIL, S.L.	GASOIL DEPÓSITOS P. CIVIL	1621	22103	3.099,80 €
TOTAL					29.430,56 €

8.Xustificación da subvención dirixida a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social, perceptoras de RISGA

No DOG. núm. 104, martes 3 de xuño de 2014 foi publicada a Orde do 30 de maio de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións

dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de Risga, e se aproba a convocatoria para o ano 2014

Na Xunta de Goberno con data do 19 de xuño de 2014 adoptouse o acordo de aprobar e solicitar a axuda ó abeiro da citada Orde. Con data de rexistro do 25 de xuño de 2014 presentouse a solicitude de axuda. Mediante Resolución do día 18 de de xullo de 2014 foi aprobada a subvención por importe de 9.313,71 euros, núm. de expediente BS662A 2014/32-1, para a contratación de 1 persoa en situación ou risco de exclusión social perceptora de Risga, para a realización do servizo denominado “Servizo de mantemento de espazos naturais”.

Téndose cumpridos todos os requisitos necesarios para a xustificación da subvención concedida, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar e presentar a seguinte conta xustificativa da subvención concedida para a contratación nominal de 1 traballador durante 7 meses, cunha xornada laboral parcial do 75%:

a) Con data do 8 de agosto de 2014 presentouse na Oficina de Emprego de Santiago Norte, con vinculación nominal, con número 12-2014-7655, para a selección dun peón, grupo de cotización 10. A relación de traballadores facilitados foi:

APELIDOS E NOME
L. I. L., DNI xxxxx

b) Que para este mesmo obxecto, non se obtiveron outras subvencións de ningún tipo.

c) Que a subvención percibida para a contratación do traballador desempregado para a realización do servizo denominado “Servizo de mantemento de espazos naturais” e executado no período comprendido entre o 20/08/2014 ó 19/03/2015 destinouse ós fins para os que se concedeu e conforme ó disposto na normativa aplicable. Que se cumpríu íntegramente a finalidade para a que se concedeu a subvención.

d) Que os gastos efectuados a tal fin con cargo a dita subvención son os que se citan a continuación, desagregándose no Anexos, que se achegan xunto a presente no punto e):

SUBVENCIÓN INGRESADA POLA ADMINISTRACIÓN (A)	SUBVENCIÓN XUSTIFICADA POLA ENTIDADE (segundo Anexo/s) (B)	DIFERENCIA (Remanente) (A-B)
9.313,71 euros	9.358,21 €	- 44,50 euros

Non existe remanente da subvención concedida pola Consellería de traballo para o fomento do emprego ó abeiro dos programas de cooperación. Expte. Núm. BS662A 2014/32-1, dado que o gasto realizado pola entidade é superior á axuda económica concedida.

e) Que as retribucións salariais brutas, en cómputo mensual, desagregadas por conceptos, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e máis as cotizacións empresariais á seguridade social, con cargo a dita subvención, son as seguintes :

Datos traballador	L. I. L., DNI xxxxx							
G.C	10							
Datos traballador	Custos salariais (1)			Custos seg.social mensuais (2)			Totais	
MES	Salario bruto (inc.pluses salariais)	PP. Pagas extras (no seu caso)	Custo salarial mensual/base s de cotización (A)	% cota patronal á seguridade social	CNAE	Cota patronal mensual (B)	Nº meses	Total custo mensual (A+B)
AGOSTO 2014	331,05€	55,18€	386,23€	37,80	D	146€	x 1 (19 días)	532,23€
SETEMBRO 2014	827,62 €	137,94€	965,56€	37,80	D	364,99€	1 mes	1.330,55€
OUTUBRO 2014	827,62 €	137,94€	965,56€	37,80	D	364,99€	1 mes	1.330,55€
NOVEMBRO 2014	827,62 €	137,94€	965,56€	37,80	D	364,99€	1 mes	1.330,55€
DECEMBRO 2014	827,62 €	137,94€	965,56€	37,80	D	364,99€	1 mes	1.330,55€
XANEIRO 2015	827,62 €	137,94€	965,56€	37,80	D	364,99€	1 mes	1.330,55€
FEBREIRO 2015	827,62 €	137,94€	965,56€	37,80	D	364,99€	1 mes	1.330,55€
MARZO 2015	524,16 €	87,36 €	611,52 €	37,80	D	231,16 €	x 1 (12 días)	842,68€
Subvención xustificada			6.791,11 €	37,80	D	2.567,10 €	7 m	9.358,21 €

(1) Incluíranse neste apartado os **custos salariais mensuais** de cada traballador que formen parte da base de cotización á Seguridade Social e tendo en conta os conceptos non subvencionables: pluses extrasalariais, indemnizacións, dietas, gastos de locomoción, pluses de distancia ou transporte que non superen o 20% do SMI, percepcións por matrimonio, etc.

(2) Incluíranse neste apartado os custos de Seguridade Social a cargo da empresa, é dicir o resultado de multiplicar á base de cotización a porcentaxe correspondente ás cotizacións empresariais de acordo co CNAE/Ocupación correspondente.

2.- Que con data do 5 de decembro de 2014 reflíctese na contabilidade municipal o importe de axuda ingresada que foi de 9.313,71 euros.

3.- Aprobar a memoria xustificativa das actividades desenvoltas no período de contratación.

9.Convenio de colaboración entre os concellos de Vedra, Vila de Cruces e Boqueixón para a promoción de actividades de xuventude

Por unanimidade acórdase aprobar o convenio de colaboración entre os concellos de Vedra, Vila de Cruces e Boqueixón para a promoción de actividades de xuventude e que a continuación se transcribe literalmente:

Boqueixón a 13 de abril de 2015

REUNIDOS

Dunha parte, don Carlos Martínez Carrillo, alcalde de Vedra (A Coruña)

Doutra parte, don Jesús Sanjuás Mera, alcalde de Boqueixón (A Coruña) e
Doutra parte , don Jesús Otero Varela, alcalde de Vila de Cruces (Pontevedra)

En nome e representación dos referidos concellos, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local e o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración de Galicia.

As tres partes, no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecen capacidade para convir e obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e ó efecto,

EXPOÑEN:

1.- Que estes tres concellos, xeograficamente limítrofes, veñen desenvolvendo, no marco da lexislación que lle é aplicable, as competencias que lle son recoñecidas en materia de Xuventude.

2.- Que co fin de propiciar unha maior incidencia social en materia de xuventude faise necesario establecer fórmulas de colaboración con outros organismos que permitan dotalos de máis medios, ampliación e mellora da calidade dos servizos prestados, así como actividades que na actualidade son imprescindibles para a comunidade veciñal.

3.- Que para acadar estes fins entenden as entidades asinantes que o emprego dos recursos deben facerse dende unha acción coordinada e complementaria, posto que a prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalacións, como de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administración locais de cara a un mellor aproveitamento de recursos.

4.- Para lograr unha verdadeira participación da xuventude nos diferentes ámbitos da sociedade actual é fundamental promover actuacións e canles dirixidas a garantir o acceso a unha información ampla e actualizada dirixida á xuventude e facilitar o acceso á mocidade a utilización das novas tecnoloxías. Igualmente, considérase necesario apoiar os concellos nas actuacións que leven a cabo no campo da potenciación da asociacionismo xuvenil e a utilización adecuada do tempo de lecer, así como actividades cun claro compoñente formativo.

5.- En consecuencia e co fin de acadar a máxima rendibilidade social e unha adecuada aplicación dos recursos, ambas partes manifestan a súa vontade de formalizar o presente convenio de colaboración segundo as seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto do presente acordo regular a colaboración entre os concellos de Vedra, Boqueixón e Vila de Cruces, no desenvolvemento de actividades, programas, servizos e proxectos en materia de Xuventude nos seus termos municipais.

A tal efecto elaborárase una programación conxunta a desenvolver nos tres concellos.

SEGUNDA.- OBXECTIVOS

- Potenciar a información xuvenil a través dos servizos municipais de información xuvenil integrados na Rede galega de información xuvenil

- Fomentar as actividades de educación non formal dirixidas á mocidade e a participación xuvenil

- A elaboración e xestión de proxectos relacionados con:

Actividades de información e dinamización de información xuvenil.

- Actividades formativas e educativas.
- Programas de información e asesoramento, ocio e tempo libre.
- Programas que fomenten a incorporación da xuventude á novas tecnoloxías.

E, en xeral todas aquelas actividades relacionadas co fomento da participación e o asociacionismo xuvenil, todas elas destinadas á mocidade de idades comprendidas entre 12 e os 35 anos.

- Solicitud de axudas que poidan seren convocadas a través das distintas administracións en materia de Xuventude, quedando os concellos asinantes obrigados ó cumprimento das obrigas que se deriven da concesión de ditas subvencións.

TERCEIRA.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

As devanditas accións abrangerán o ámbito territorial dos concellos de Vedra, Boqueixón e Vila de Cruces.

CUARTA.- XESTIÓN ADMINISTRATIVA DOS SERVIZOS.

Os concellos elaborarán unha programación anual conxunta en materia de xuventude e á hora de solicitar axudas económicas ou subvencións, a xestión recaerá no concello de Boqueixón.

QUINTA.- VIXENCIA.

O presente convenio terá vixencia dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2015 e aplicaranse as cláusulas pactadas ás subvencións ou axudas económicas que puidesen ser concedidas con cargo ás partidas orzamentarias municipais do exercicio 2015. Transcorrido o prazo de vixencia, as partes poderán prorrogalo, por acordo expreso do órgano competente.

SEXTA.- OBRIGAS DAS PARTES.-

1.- Os tres concellos, ademais de cumprir as obrigas establecidas pola normativa aplicable con carácter xeral ás axudas e subvencións públicas, deberán realizar as actividades acordadas conxuntamente para o desenvolvemento dos diferentes programas.

2.- Nos caso de subvencións ás que os concellos concurran conxuntamente, o Concello de Boqueixón, figurará e actuará en representación desta agrupación a efectos de envío e recepción de documentación, xestións ordinarias relacionadas coa solicitude, xustificación e todo tipo de tramitacións coas administracións pertinentes, así como de satisfacer as obrigas económicas que deriven do funcionamento do proxecto subvencionado, dación de contas ante os organismos correspondentes, incluído o Consello de Contas. Estes concellos tamén se someterán ás actuacións de comprobación dos órganos correspondentes en cada caso así como a realización das actividades ou cumprimentos da finalidade para o que foi concedida a subvención ou axuda económica.

3.- O concello no que radiquen as actividades a desenvolver, acondicionará e dotará as instalacións de xeito que reúnan as condicións de seguridade que permitan o normal desenvolvemento das actividades desde o inicio do proxecto.

SÉTIMA.- FINANCIAMENTO DOS PROGRAMAS

Os concellos comprométense a realizar e garantir un esforzo investidor no financiamento total do proxecto, acordes ás partidas orzamentarias municipais do exercicio correspondente ao ano 2015 e ós requisitos esixidos en cada una das ordes de solicitudes.

OITAVA.- EXTINCIÓN DO CONTRATO.

Será causa de extinción do contrato o incumprimento por calquera das partes asinantes de calquera das cláusulas que se reflicten no convenio.

NOVENA.- XURISDICIÓN E NORMATIVA APLICABLE.

O presente convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación das obrigas derivadas deste convenio resolveranse por vía administrativa ou no seu caso, mediante xurisdición contencioso administrativa.

En proba de conformidade co contido do presente convenio de colaboración, asinan e rubrican na data e lugar sinalados, as persoas que ostentan a representación destas tres institucións.

O alcalde de Vedra O alcalde de Vila de Cruces O alcalde de Boqueixón

D.Carlos Carrillo Martínez D. Jesús Otero Varela D. Jesús Sanjuás Mera

10.Modificación do convenio de colaboración entre os concellos de Vedra e Boqueixón en materia de xuventude e voluntariado

Por unanimidade acórdase aprobar a modificación do convenio de colaboración entre os concellos de Vedra e Boqueixón en materia de xuventude e voluntariado, quedando o convenio de colaboración como a continuación se transcribe literalmente:

REUNIDOS

Dunha parte, don Carlos Martínez Carrillo, alcalde de Vedra.

Doutra parte, don Jesús Sanjuás Mera, alcalde de Boqueixón.

En nome e representación dos referidos concellos, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local e o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración de Galicia.

Ambas partes, no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecen capacidade para convir e obrigarse nos termos da modificación do convenio de colaboración e ó efecto,

EXPOÑEN:

1.- Que ambos concellos asinaron un convenio de colaboración no mes de marzo do pasado ano para o desenvolvemento conxunto de programas de xuventude e voluntariado. Dito convenio tiña unha vixencia de dous anos, polo que remataba en marzo de 2016.

2.- Dado que, en materia de Xuventude decídese formalizar un novo convenio entre os concellos de Vedra, Boqueixón e Vila de Cruces, modifícase o anterior, quedando sen efecto ás cláusulas relativas xuventude e mantendo as que se refiren a voluntariado.

3.- Que co fin de propiciar unha maior incidencia social en materia de voluntariado faise necesario establecer fórmulas de colaboración con outros organismos que permitan dotalos de máis medios, ampliación e mellora da calidade dos servizos prestados, así como actividades que na actualidade son imprescindibles para a comunidade veciñal.

4.- Que para acadar estes fins entenden as entidades asinantes que o emprego dos recursos deben facerse dende unha acción coordinada e complementaria, posto que a prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalacións, como de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais de cara a un mellor aproveitamento de recursos.

5.- Considérase de máximo interese a colaboración na promoción de actividades no ámbito de voluntariado, actuacións que necesariamente deberán influír no desenvolvemento comunitario.

6.- En consecuencia e co fin de acadar a máxima rendibilidade social e unha adecuada aplicación dos recursos, ambas partes manifestan a súa vontade de formalizar o presente convenio de colaboración segundo as seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

PRIMERA.- OBXECTO

É obxecto do presente acordo regular a colaboración entre o concello de Boqueixón e Vedra, no desenvolvemento de actividades, programas, servizos e proxectos en materia de voluntariado nos termos municipais destes concellos. A tal efecto elaborárase una programación conxunta a desenvolver en ambos concellos.

SEGUNDA.- OBXECTIVOS DE COLABORACIÓN

- A elaboración e xestión de proxectos relacionados con:

Actividades de voluntariado.

- Realización de proxectos de acción voluntaria desenvolvidos por mozos/as de idades comprendidas entre os 18 e 30 anos, ou 16 a 18 anos con autorización do pai/nai ou titor/a legal.

- Servizo de voluntariado europeo.

E cantos outros proxectos de actuación en materia de xuventude e voluntariado sempre que sexan acordes cos obxectivos de ambos concellos e se valoren polos mesmos como útiles e necesarios.

- Solicitude de axudas que poidan seren convocadas a través das distintas administracións en materia de voluntariado, quedando os concellos asinantes obrigados ó cumprimento das obrigas que deriven da concesión das subvencións.

TERCEIRA.- ÁMBITO DE APLICACIÓN.

As devanditas accións abranguerán o ámbito territorial dos concellos de Boqueixón e Vedra.

CUARTA.- XESTIÓN ADMINISTRATIVA DOS SERVIZOS.

Os concellos elaborarán una programación anual conxunta en materia de voluntariado. No suposto de solicitar axudas económicas ou subvencións no presente ano, corresponderalle ao concello de Vedra a xestión realizando as xestións administrativas, trámites coa administración e no seu caso a xestión económica da subvención concedida.

QUINTA.- VIXENCIA.

O presente convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 14 de abril de 2016 e aplicaranse as cláusulas pactadas ás subvencións ou axudas económicas que puidesen ser concedidas con cargo ás partidas orzamentarias municipais do exercicio correspondente ao ano 2015.

Transcorrido o prazo de vixencia, as partes poderán prorrogalo, por acordo expreso do órgano competente.

SEXTA.- OBRIGAS DAS PARTES.-

1.- Ambos concellos, ademais de cumprir as obrigas establecidas pola normativa aplicable con carácter xeral ás axudas e subvencións públicas, deberán realizar as actividades acordadas conxuntamente para o desenvolvemento dos diferentes programas.

2.- Nos caso de subvencións ás que os concellos concorran conxuntamente o concello representante ou promotor figurará e actuará en representación de ambos a efectos de envío e recepción de documentación, xestións ordinarias relacionadas coa solicitude, xustificación e todo tipo de tramitacións coas administración pertinentes, así como satisfacer as obrigas económicas que deriven do funcionamento do proxecto subvencionado, dación de contas ante os organismos correspondentes, incluído o Consello de Contas. Estes concellos tamén se someterán ás actuacións de comprobación dos órganos correspondentes en cada caso así como a realización das actividades ou cumprimentos da finalidade para o que foi concedida a subvención ou axuda económica.

3.- O concello no que radiquen as actividades a desenvolver, acondicionarán e dotarán as instalacións de xeito que reúnan as condicións de seguridade que permitan o normal desenvolvemento das actividades desde o inicio do proxecto.

SÉTIMA.- FINANCIAMENTO/COFINANCIACIÓN.

Os concellos comprométense a realizar e garantir un esforzo investidor no financiamento total do proxecto, acorde ás partidas orzamentarias municipais do exercicio correspondente ao ano 2015 e os requisitos esixidos na orde de solicitude.

OITAVA.- EXTINCIÓN DO CONTRATO.

Será causa de extinción do contrato o incumprimento por calquera das partes asinantes de calquera das cláusulas que se reflicten no convenio.

NOVENA.- XURISDICCIÓN E NORMATIVA APLICABLE.

O presente convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación das obrigas derivadas deste convenio resolveranse por vía administrativa ou no seu caso, mediante xurisdición contencioso - administrativa.

En proba de conformidade co contido do presente convenio de colaboración, asinan e rubrican na data e lugar sinalados, as persoas que ostentan a representación de ambas institucións.

Don Jesús Sanjuás Mera
Alcalde de Boqueixón

Don Carlos Martínez Carrillo
Alcalde de Vedra

11.Solicitud de participación na rede cultural 2015, da Deputación Provincial da Coruña

No BOP de día 5 de decembro de 2014 publicáronse as bases da convocatoria para a participación na programación de Rede Cultural da Deputación da Coruña para o ano 2015. O pasado día 26 de marzo publicouse no BOP o prazo de solicitude de grupos, que remata o día 20 de abril de 2015, polo que a Xunta de Goberno acorda:

1. Solicitar os seguintes espectáculos:

PROGRAMA DE MÚSICA E TEATRO PARA GRUPOS NON PROFESIONAIS

Grupos	Título da obra	Caché	Importe Deputación	Importe Concello
Benxamín	Magic	500,00 €	350,00 €	150,00 €
A mámoa teatro	Se o sei non volvo á casa	500,00 €	350,00 €	150,00 €
Asociación cultural Charamela	Botando a lingua a pacer	500,00 €	350,00 €	150,00 €
TOTAL		1.500,00 €	1.050,00 €	450,00 €

PROGRAMA DE TEATRO E TÍTERES PARA COMPAÑÍAS PROFESIONAIS

Grupos	Título da obra	Caché	Importe Deputación	Importe Concello
Daboapipa contos e música	Contos de animalario	665,00 €	465,50 €	199,50 €
Garabato de xogos	No fondo do bosque	1149,50 €	804,65 €	344,85 €
TOTAL		1814,50 €	1.270,15 €	544,35 €

CICLO DE MÚSICA PARA INTÉRPRETES PROFESIONAIS

Grupos	Caché	Importe Deputación	Importe Concello
Campo de estrelas	1500,00 €	1050,00 €	450,00 €
TOTAL			450,00 €

PROGRAMA PARA COMPAÑÍAS DE DANZA PROFESIONAL E OUTRAS ACTIVIDADES

Grupos	Título da obra	Caché	Importe Deputación	Importe Concello

Garabato de xogos	Popín preguntón busca ó león	750,00 €	525,00 €	225,00 €
TOTAL		750,00 €	525,00 €	225,00 €

2. Dispoñer dos fondos necesarios para facer fronte ás obrigas económicas derivadas deste programa no presente ano, por un importe deascenden a un total de **1.669,35 euros** , correspondentes ao 30 % dos cachés dos espectáculos solicitados.

12.Rogos e Preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria – interventora.

A secretaria – interventora

Visto e prace
O alcalde